

SISTEMA DIÉDRICO DE REPRESENTACIÓN

O sistema diédrico é un sistema de proxeccións cilíndrico ortogonais, é dicir, paralelas e perpendiculares aos planos. Está formado por dous planos perpendiculares, un horizontal e outro vertical, sobre os que se atopan as proxeccións ortogonais do corpo ou figura a representar (Fig. 1).

A intersección entre estes dous planos é unha recta que recibe o nome de Liña de Terra, que abreviando designaremos por L.T. Esta liña represéntase con dous trazos grosos e paralelos por debaixo dela e nos seus extremos.

Os planos considéranse ilimitados e opacos.

A proxección dun punto, dunha figura ou dun corpo sobre o plano horizontal chámase proxección horizontal ou pranta.

A proxección sobre o plano vertical chámase proxección vertical ou alzado.




Fig. 1

Podería entrar en xogo un terceiro plano perpendicular a estes dous chamado plano de perfil, e que pode aparecer designado como P.P. ou π . A proxección dun punto, dunha figura ou dun corpo sobre o plano de perfil chámase proxección de perfil ou perfil.

Para pasar das tres dimensións do espazo as dúas dimensións do papel temos que facer coincidir estes tres planos (PH, PV e PP) nun só, precisamente o plano horizontal, que é o plano ou papel do debuxo. Seguiremos estes pasos:

1º. O plano de perfil ou PP xira arredor da recta OA ata coincidir co plano vertical, situándose o perfil a dereita do alzado.

2º. Agora xiramos o plano vertical en sentido antihorario, arredor da recta DC ou liña de terra, ata confundirse co plano horizontal.

Desta maneira, as tres vistas ou proxeccións xa están nun so plano, o plano horizontal, como indica a figura 2.




Fig. 2

Debuxa a man alazada as tres vistas da seguinte peza (Fig. 3) segundo as direccións indicadas. E sitúa nelas a posición dos vértices numerados.

